

ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DE SANTA CECILIA DO DÍA 2 DE MAIO DE 2016

No local da Asociación de Veciños de Santa Cecilia, Ferrol, sendo as 19:20 horas, celebrouse a Asemblea de de Barrio de Santa Cecilia, cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística		
Traballador/a municipal:	M ^a Esther Fernández Díaz, auxiliar administrativa da Sección de Facenda e Patrimonio.		
Asistencia técnica:	Olalla López Barro da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	24	Nº de homes:	9
		Nº de mulleres:	15

Desenvolvemento da sesión:

Álvaro Montes, Concelleiro de Participación dá a benvida ás persoas asistentes a esta asemblea, cedéndolle a palabra a Olalla López Barro, da empresa Rexenerando S.Coop. Galega.

En primeiro lugar procedese a escoller os representantes de Santa Cecilia, tanto para as vicepresidencias da Asemblea de Barrio como para o Consello da Veciñanza. Non se presentaron candidaturas previas á celebración da Asemblea, resultando propostos neste acto co apoio da unanimidade dos/as asistentes/as, as seguintes persoas:

VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO	
A título individual	José Ramón Mosquera Mauriz
En representación de entidades	Pura Prieto Ulfe (A.VV. O Cruceiro)

REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA
José Ramón Mosquera Mauriz
Pura Prieto Ulfe

A continuación preséntase á asemblea un borrador de regulamento interno de funcionamento da mesma co obxecto de que se debata e estude por parte dos asistentes para formular todas as achegas que estimen oportunas, polo que este documento queda pendente da súa aprobación ata a vindeira asemblea de barrio.

Por último iníciase un debate entre todos os asistentes para recoller aqueles temas de tipo xeral que preocupan nestes momentos aos veciños e veciñas de Santa Cecilia e que a modo de resumo son os seguintes:

- Necesidade de transporte urbano ata o Hospital Naval.
- Amaño e construción de beirarrúas.
- Dotar dun espazo infantil, tendo en conta o seu mantemento.
- Ampliar a cobertura de internet e telefonía.
- Planeamento urbanístico
- Que facer cando non nos atenden.
- Discriminación do barrio.
- Vertedoiros ilegais.
- Excrementos de cans e cabalos.
- Árbores na estrada.
- Necesidade de asfaltar.


Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 20:25 horas.

O concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística



Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

A traballadora municipal



Asdo.: Mª Esther Fernández Díaz.